

**Acta núm. 28/2019.  
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local  
do 6 de novembro de 2019.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:  
Pablo Lago Sanmartín.  
Carlos Noya Pereira.  
María Rosa Romero Fariña.  
Sandy Marie Cebral Gómez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 6 de novembro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 27/2019, DO 31.10.2019.
- 2º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 3º) PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 4º) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

**1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 27/2019, DO 31.10.2019.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 31.10.2019, acta núm. 27/2019.

**2º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSÉ RAMÓN COUSO SANMARTÍN na que solicita licenza de segregación dunha parcela no lugar de Cirro – San Salvador, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado con data 24.10.2019 (expte. nº 749/19).

Descrición da parcela de orixe:

Parcela 43 da concentración parcelaria de Bastavales.

Finca rexistral: 8692.

Referencia catastral: 15013B503000430000MW e 7732506NH2473S0001KI.

Superficie: 5.591 m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: aséntanse sobre un ámbito de solo con tres clasificacións polo PXOM:

- Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2): 3.870m<sup>2</sup>.

O resto, 1.721m<sup>2</sup>, divídese en:

- Solo apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria), en aplicación do disposto ao respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.b).
- Solo rústico de recursos hídricos, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico coa correspondente categoría (protección das augas), en aplicación do disposto ao respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.d).

Lindes:

Norte: Jesús Vidal Dopazo (42), desaugue en medio.

Sur: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Oeste: Manuel Estévez Souto (44).

Segregación pretendida:

#### **FINCA 43-a (Parcela segregada 1):**

Superficie bruta: 978,25 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión: 53,25 m<sup>2</sup> (a 4,00 m. do eixo do camiño)

Superficie neta: 925 m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: finca 43-c (resultante deste mesmo proxecto de segregación).

Sur: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Leste: finca 43-b (resultante deste mesmo proxecto de segregación).

Oeste: Manuel Estévez Souto (44).

#### **FINCA 43-b (Parcela segregada 2):**

Superficie bruta: 1.026,25 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión: 99,25 m<sup>2</sup> (a 4 e 5,50 m. do eixo do camiño, parcela en esquina)

Superficie neta: 927 m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: finca 43-c (resultante deste mesmo proxecto de segregación).

Sur: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Oeste: finca 43-a(resultante deste mesmo proxecto de segregación).

#### **FINCA 43-c (Parcela segregada 3):**

Superficie bruta: 923,25 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión: 24,25 m<sup>2</sup> (a 5,50 m. do eixo do camiño, vía de comunicación entre núcleos)

Superficie neta: 899 m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: finca resto 43 (resultante deste mesmo proxecto de segregación).  
Sur: finca 43-a e finca 43-b (ambas resultantes deste mesmo proxecto de segregación).  
Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.  
Oeste: Manuel Estévez Souto (44).

### **FINCA RESTO 43 (Resto finca matriz):**

Superficie bruta: 2.663,25 m<sup>2</sup>.  
Superficie de cesión: 42,25 m<sup>2</sup> (a 5,50 m. do eixo do camiño, vía de comunicación entre núcleos)  
Superficie neta: 2.621 m<sup>2</sup>.  
Clasificación urbanística: aséntanse sobre un ámbito de solo con tres clasificacións polo PXOM:

- Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2): 942,25m<sup>2</sup>.

O resto, 1.721m<sup>2</sup>, divídese en:

- Solo apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria), en aplicación do disposto ao respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.b).
- Solo rústico de recursos hídricos, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico coa correspondente categoría (protección das augas), en aplicación do disposto ao respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.d).

Lindes:

Norte: Jesús Vidal Dopazo (42), desaugue en medio.  
Sur: finca 43-c (resultante deste mesmo proxecto de segregación).  
Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.  
Oeste: Manuel Estévez Souto (44).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo de 53,25 m<sup>2</sup>, 99,25 m<sup>2</sup>, 24,25 m<sup>2</sup> e 42,25 m<sup>2</sup>, ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:  
-. Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 258,28 euros.  
Total: 258,28 euros.

### **3º) PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por AINOA ARANA BILBAO, na que solicita prórroga do prazo de remate das obras de reforma e ampliación dunha vivenda unifamiliar e dun galpón, no lugar de Xinzo nº31 - Bastavales.

Con data 29.11.2016 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Santiago Romero Ces e Ainoa Arana Bilbao, para a reforma e ampliación da vivenda unifamiliar e ampliación dun galpón.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de tres anos contados desde o día de hoxe para o remate das obras, coa seguinte condición:

- Que a edificación sexa rematada exteriormente.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

#### **4º) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por CAMILO JOSÉ MAYO FOLGAR, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita en Gronzo 6, Brión, que conta con licenza para a construción concedida pola Xunta de Goberno Local o 07.07.2006.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Juan José Rey García con data 07.01.2011, e da documentación do estado final da obra presentada o 10.09.2019, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 162,79 euros.

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 227,36 euros.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 14,25 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González